



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2018/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de xuño de 2018
Duración	Desde as 20:05 ata as 21:49 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	NON
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ



Concello de Cangas

76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o día 30 de maio de 2018.

Expediente 3117/2018. Autorización de gasto plurianual dos proxectos incluídos na LIÑA 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019)

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12,

En contra: 0, Abstencións: 7, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.06.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía, do día 18.06.2018, relativa a Autorización de gasto plurianual dos proxectos incluídos na LIÑA 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019), que é como segue:

“Considerando a proposta de Alcaldía de data 14.06.2018 en relación á autorización dun gasto plurianual correspondente aos proxectos incluídos dentro da LIÑA 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019)

Visto que por tratarse dun gasto de carácter plurianual está suxeito a uns límites cuantitativos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



que determinan que nos de gastos de inversión, o gasto que se impute a exercicios futuros non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito inicial correspondente ao ano no que se adquire o compromiso en firme as seguintes porcentaxes:

- No exercicio inmediato seguinte: 70%.
- No segundo exercicio: 60%.
- No terceiro e cuarto exercicio: 50%

Visto que pola vía da excepción que establecen os apartados 4 e 5 do artigo 174 TRLFL, desenrolado polo artigo 83.1 e 84 do RD 500/1990, se permite superar tanto o número de anualidades coma os límites porcentuais mediante acordo do pleno da corporación.

Considerando o informe favorable de Intervención de data 18.06.2018 núm. 2018-0116.

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Autorizar o gasto plurianual, para os exercicios 2018-2019, dos proxectos incluídos dentro da LIÑA 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019) de acordo co seguinte réxime financeiro periodificado:

Denominación proxecto. Técnico redacción proxecto.	Total proxecto	Anualidade 2018	Anualidade 2019
Proxecto de Mellora de Abastecemento e/ou Saneamento en Arneles, Gandón e Pepe Durán. 122.467,35 € Técnicos redacción proxecto, os enxeñeiros Pérez Vázquez Santiago Javier e López Fontán Santiago Narciso	122.467,35	63.050,28	59.417,07
Exp 1595/18.- Proxecto de Mellora de Abastecemento e/ou Saneamento en Camiño Rabáns, Paga da Besta e Praia Castiñeira: 177.532,05 € Técnicos redacción proxecto, os enxeñeiros, Pérez Vázquez Santiago Javier e López Fontán Santiago Narciso	177.532,05	91.399,42	86.132,63
Humanización e Accesibilidade Rúa Fonteferreira. Técnica municipal: arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña.	81.534,60	81.534,60	---
Nova Capa Rodadura Viais municipais. Técnica municipal, arquitecta técnica municipal, Carmen Gómez Cancela.	301.098,22	150.549,11	150.549,11
Proxecto de Reparación de Cuberta e fachadas no Pavillón do Colexio Castrillón-Coiro.	299.042,95	149.521,48	149.521,48



Técnica municipal:, arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña.			
Pavimentación Rúas Xoán de Cangas e Eduardo Pondal. Técnica municipal: arquitecta técnica municipal, Carmen Gómez Cancela	122.849,92	61.424,50	61.424,5
Mellora de Servizos e Pavimentación Rúa Valentín Losada. Técnico municipal: María Isabel Medraño Fariña	152.462,08	76.231,04	76.231,04
Pavimentación e accesibilidade Paseo Pepe Poeta. Técnica municipal, arquitecta técnica municipal, Carmen Gómez Cancela	84.342,38	84.432,38	---
Suma total:	1.341.329,55	758.052,81	583.275,83

DELIBERACIÓNS:

Sra. Giráldez Santos: explica o contido da proposta indicando que se trae a pedimento do Sr. Interventor en cumprimento do TRLHL.

Sr. Millán Blanco: di que noutros tempos este tipo de actuacións se designaban como actos electoralistas. Lembra que parte das obras forman parte do plan de inversións da concesión da auga, polo que quere saber con qué criterio vai a actuar o goberno.

Sr. Alcalde: explica que as obras responden aos requisitos do Plan de Obras e Servizos da Deputación e non é algo que determina o Concello. O Concello ten que atender ás necesidades da cidadanía e é claro que existe unha gran necesidade de saneamento que a empresa concesionaria non leva a cabo e por iso as vai executar o concello e por iso mesmo se está a tramitar a resolución do expediente do ciclo da auga.

Sr. Abalo Costa: di que as obras que debe executar a concesionaria e vai a asumir o concello serán repercutidas a través do correspondente expediente.

Sr. Iglesias Santos: cre que as inversións sempre son boas se ben lembra que o goberno en ningún momento as consensou coa oposición. O goberno é o responsable de dicidir e os votantes serán os que manifesten se están de acordo ou non con tal decisión.

Sra. Giráldez Santos: di que as decisións do concello ao determinar as obras non son arbitrarias senón que se basean nas necesidades básicas do Concello.

Sr. Millán Blanco: lembra que xa fai un ano o PP indicou a necesidade de levar a cabo as obras de saneamento e repercutirlas á concesionaria se ela non as executaba. Fai referencia a que noutras ocasións outras administracións sacaban subvencións plurianuais a oposición criticaba ao goberno do PP por considerar que eran actuacións electoralistas.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE)



Votos en contra: 7 (6 dos/as concelleiros/as presentes do PPe 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3070/2018. Aprobación inicial do Regulamento de réxime interno da escola municipal de música.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0,

Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.06.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 18.06.2018, relativa á aprobación inicial do Regulamento de réxime interno da escola municipal de música, que é como segue:

“Vista a necesidade de aprobar un regulamento relativo ás normas de réxime interno da escola municipal de música, co obxecto de regular diferentes aspectos de organización e funcionamento da escola e complementar o disposto na normativa vixente.

Visto o informe de secretaría núm. 2018-0025 de 15.06.2018 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto o proxecto de regulamento elaborado polo persoal da escola municipal de música.

Visto que o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos, indicando no parágrafo 4 que podará omitirse a consulta pública regulada no parágrafo primeiro deste artigo cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos cidadáns ou regule aspectos parciais dunha materia. No presente caso cumprense as condicións indicadas para a omisión da consulta pública, xa que o regulamento que se pretende aprober non ten un impacto significativo na actividade económica, nin impón obrigas relevantes á cidadanía.

Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

Acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento de réxime interno da escola municipal de música.

SEGUNDO. Someter dito regulamento información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello polo polo



prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello <http://cangas.sedelectronica.gal> co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Facultar a Alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Chillón Iglesias: explica o contido do regulamento que ten por obxecto regularizar unha situación que se desenvolve de facto desde fai un tempo.

Sr. Gestido Porto: indica que estudiará o regulamento e fará as alegacións pertinentes.

Sr. Iglesias Santos: cre que no regulamento se mixturán aspectos meramente académicos con aspectos administrativos que habería que corrixir. Espera que se realicen os cambios que recolle o regulamento coma por exemplo a consulta pública que se presenta.

Sra. Vizoso Marcos: pide que o texto se adecúe á linguaxe non sexista.

Sr. Millán Blanco: di que fará as aportacións oportunas durante a exposición pública. Cre que hai algunhas correccións que é necesario facer.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN,)

Votos en contra: 8 (6 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 2859/2018. Inicio do procedemento para a adxudicación do contrato mixto de subministración e servizo integral de alumeado exterior do Concello.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 7, Abstencións: 1, Ausentes: 0



Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.06.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Concellería de Obras e Servizos, do día 15.06.2018, relativa ao inicio do procedemento para a adxudicación do contrato mixto de subministración e servizo integral de alumeado exterior do Concello, que é como segue:

“Visto o Regulamento de Eficiencia Enerxética en Instalacións de Alumeado Exterior aprobado mediante RD 1890/2008, do 14 de novembro, o cal considera conveniente e necesario abordar o problema da eficiencia enerxética nas instalacións de alumeado mediante a regulación dos niveis máximos de iluminación dos espazos en función da actividade que se realice neles, da incidencia da iluminación cara outros espazos e pola esixencia dun nivel mínimo de eficiencia enerxética para os puntos de luz.

Visto que para adecuarse á citada normativa o Concello de Cangas licitou o contrato de servizo de xestión integral do alumeado exterior:

Visto que este procedemento foi recorrido ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais que na súa resolución nº 480/2018 de data 23.04.2018 acordou “anular a resolución de adxudicación e declarar a nulidade do procedemento”.

Visto que o importe anual do contrato ascende a 629.043 € (IVE excluído) superando así as cantidades establecidas nos artigos 21 e 22 da LCSP e o artigo 4 da Directiva 2014/24/UE, considérase que é un contrato suxeito a regulación harmonizada polo que o procedemento máis axeitado para a súa adxudicación sería o aberto.

Por todo o exposto, ao Pleno propoño a adopción do seguinte

Acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento para a adxudicación do contrato mixto de subministración e servizo integral de alumeado exterior do Concello de Cangas.

Segundo.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Terceiro.- Que se redacten os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

Cuarto.- Que o Interventor municipal faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Quinto.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita Informe-Proposta de Secretaría ao respecto.”

DELIBERACIÓNS:

Sra. Giráldez Santos: explica o contido da moción, indicando que se volve a iniciar o expediente debido a que o procedemento anterior foi anulado polo TACR, como consecuencia dos recursos presentados polas empresas. Indica que é un expediente moi complexo, pero



tamén moi necesario debido ao estado das luminarias de Cangas.

Sr. Gestido Porto: di que bota en falta os informes xurídicos e económicos, se ben entende que serán moi similares ao expediente anterior.

Sr. Iglesias Santos: como xa dixo no expediente tramitado con anterioridade, non ve claro o gasto de máis de setecentos mil euros neste servizo e cre necesario un tratamento máis profundo do marco legal para evitar recursos das empresas. Gostaríalle un informe por parte da Secretaría municipal para ter as cousas máis claras. Vaise abster.

Sr. Millán Blanco: di que xa na comisión informativa indicaron que aínda hai prazo para que Ferrovial poida presentar un contencioso contra a resolución do TARC, considera que ata que a resolución non sexa firme non se debería tramitar este expediente. Trátase de insistir en privatizar un servizo cun custo superior ao prezo de mercado tal e como xa indicou no seu día o interventor. Indica que ademais segundo a secretaria non é preceptivo traer este inicio ao Pleno. Di que votarán en contra.

Sra. Giráldez Santos: di que precisamente por tratarse dun acordo de inicio non están incorporados os informes de secretaria e intervención, de feito no acordo que se adopte agora se solicitarán estes informes.

Di que este inicio se trae a pleno por motivos de transparencia. Efectivamente todavía hai prazo para que a empresa Ferrovial recorra ao contencioso-administrativo, pero ela mesma manifestou que non ían recorrer.

Sr. Getido Porto: di que no punto anterior da orde do día tratándose dunha aprobación inicial e había un informe xurídico ¿Por qué neste punto da orde do día non?

Cre que debería traerse un informe porque non ten sentido traer unha providencia sen máis documentación, salvo para iniciar a campaña electoral.

Sr. Iglesias Santos: di que se se quere favorecer a transparencia debería facilitarse que a oposición se entere dos asuntos relevantes e non teñan que esperar a que se saia na prensa. Pide que se facilite a documentación á oposición. Empezar este expediente cando aínda non se sabe o que pode ocorrer con Ferrovial non ten sentido.

Sr. Millán Blanco: di que en canto á renuncia de Ferrovial de interpoñer recurso contencioso non consta no expediente tal escrito de renuncia. Se a Sra. Giráldez Santos quere ser transparente pide que facilite a documentación que o PP pediu xa fai meses á súa concellería. Repite que este expediente só busca privatizar un servizo cando hai outras alternativas máis beneficiosas. Indica que a partida actual está destinada exclusivamente a este contrato, a traballos realizados por outras empresas para a subministración da iluminación pública.

Sr. Abalo Costa: cre que a oposición non aporta ningunha proposta viable fronte a un problema moi grave como é o servizo de iluminación. Cre que este debate ten que realizarse cando se traia o expediente a aprobación e non agora que é un mero inicio.

Indica que no expediente anterior se respectaron os informes de Secretaría e Intervención.

Sr. Millán Blanco: di que interventor no seu informe determinaba que se trataba dunha decisión política.



Sra. Giráldez Santos: sinala que a partida orzamentaria é necesaria tendo en conta que cando se formou o orzamento todavía estaba en tramitación o expediente anterior. Explica que para volver a licitar o expediente é necesaria unha nova retención de crédito.

Sinala que nin Secretaría nin Intervención pode informar un expediente que aínda non está formado, os informes os emitirán cando se elaboren os pregos e se traerán a Pleno.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Votos en contra: 7 (6 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de Cangas Decide)

Abstencións: 1 do PsdeG-PSOE

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3111/2018. Moción conxunta relativa á recollida de residuos sanitarios cortantes e punzantes

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.06.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Moción conxunta do día 18.06.2018, relativa á recollida de residuos sanitarios cortantes e punzantes, que é como segue:

“Vimos de ter coñecemento recentemente, a través dos pacientes do Centro de Saúde pública do Concello de Cangas, que o Xefe de Grupo da Área de Residuos, Miguel Corbacho Fernández, trasladou, mediante a circular titulada “Residuos punzantes procedentes de domicilios de pacientes” coa seguinte comunicación:

- *Los únicos residuos punzantes que deben gestionarse desde el centro de salud y los PAC, son los procedentes de actividades desarrolladas en los propios Centro Sanitarios por el personal sanitario, tal y como se especifica en el DECRETO 38/2015, de residuos sanitarios de Galicia, por el que se establece la normativa para la gestión de los residuos de los establecimientos sanitarios en la Comunidad Autónoma de Galicia.*
- *Los residuos punzantes procedentes de actividades no sanitarias, es decir aquellos generados por los pacientes en sus domicilios no debe gestionarse en los centros de salud, sino desde el propio domicilio del paciente, ya que no se consideran Residuos de Actividades Sanitarias, sino residuos urbanos y deben desecharse a la basura convencional”*

Estes residuos son na súa maioría agullas, lancetas e tiras de glicosa que conteñen sangue.

No mesmo DECRETO 38/2015 establece, que é responsabilidade do/a produtor//a (física ou xurídica) dos residuos a súa correcta xestión.

As persoas usuarias dos servizos sanitarios seguen distintos tratamentos sanitarios prescritos



polos facultativos dos centros sanitarios, polo tanto non son as propias persoas as produtoras dos residuos, aínda que o tratamento sexa fora do centro sanitario.

A propia xunta de Galicia a través do SIRGA (Sistema de Información de Residuos de Galicia) clasifica os residuos cortantes e punzantes como CLASE III: Residuos sanitarios especiais e a súa xestión logo de saír do centro ten que seguir as seguintes indicacións

- *Transporte:*
 - *Manipulación por medios mecánicos. Se non se pode utilizar prendas axeitadas de protección persoal.*
 - *Non se pode realizar a compactación.*
 - *Condições de transporte de residuos e mercancías perigosas.*

- *Tratamento: estes residuos poderán tratarse por calquera das seguintes operacións:*
 - *Incineración as escouras, cinzas e outros materiais procedentes do sistema de recuperación de gases deben ser xestionados como residuos perigosos.*
 - *Desinfección autoclave previo á súa xestión como Clase II*
 - *Outros tratamentos debe garantir a eliminación dos xermes patóxicos e a protección da saúde pública e do ambiente como, por exemplo, a esterilización.*

A “Orden MAM/304/2002, de 8 de febreiro, por a que se publican las operaciones de valorización y eliminación de residuos y la lista europea de residuos” cataloga os residuos do apartado 18 02 02, “ Objetos cortantes y punzantes, Residuos cuya recogida y eliminación es objeto de requisitos especiales para prevenir infecciones” como perigosos*

Exposto todo anterior, esta xustifico que os residuos, aos que fai referencia o comunicación inicial, e motivadora de esta moción, son residuos perigosos que requiren dun especial tratamento.

Pola súa perigosidade para as persoas que manipulan os RSU (Residuos Sólidos Urbanos) este tipo de residuos teñen que ser desbotados en contedores específicos e seguir o tratamento indicado na lexislación vixente.

O cambio de criterio por parte da dirección do SERGAS e da Xunta de Galicia ao deixar de recoller estes residuos nos centros sanitarios pon en risco a saúde de todas as persoas que traballan na xestión dos RSU e da veciñanza.

Realizar este cambio de criterio sen ter notificado aos concellos, actuais responsables dos RSU é unha irresponsabilidade e un traspaso encuberto de competencias aos concellos sen dotación económica.

Por todo o exposto, solicitamos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- *Instar a Xunta de Galicia e ao SERGAS a garantir a recollida de todos estes residuos nos centros sanitarios*
- *Instar a Xunta de Galicia e ao SERGAS a manter unha xuntanza entre a Mancomunidad do Morrazo, Xunta de Galicia, SERGAS para atopar unha solución consensuada a este problema*
- *Dar traslado de esta moción a todos os grupos con representación no Parlamento Galego*
- *Dar traslado de esta moción a todos os grupos con representación na Mancomunidad*



do Morrazo.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Hermelo Álvarez: explica o contido da moción indicando que tamén se remitíu aos concellos de Bueu e Moaña.

Sr. Alcalde: dá conta da presentación dunha emenda do PP que di:

“EMENDA:

O Pleno do Concello de Cangas, insta á FEGAMP a que acade un acordo co Sergas para modificar o decreto 38/2015 do 26 de febreiro de residuos sanitarios de Galicia, co fin de que os residuos xerados polos pacientes no seu domicilio, sexan punzantes ou non (apósitos, vendaxes...) teñan un sistema de recollida máis seguro desde o punto de vista sanitario.”

Sr. Hermelo Álvarez: indica que fixeron unha consulta respecto a se este tipo de recursos son perigosos e lles respostaron que si na medida en que conteñen sangue, son punzantes ou cortantes polo que debería incluírse como residuos que non se poden xestionar coma lixo común.

Sr. Sotelo Villar: indica que se trata dun problema xeral e de aí a emenda de substitución, que busca lograr un acordo a través da Fegamp para a modificación do Decreto 38/2015. Búscase unha solución xeral. Lembra que se aprobou na asemblea da mancomunidade un acordo sobre un tema sanitario que aínda non se tratou, polo que non considera necesario que se dea traslado á mancomunidade.

Sr. Alcalde: entende que a emenda substituiría aos puntos primeiro e segundo da moción.

Sr. Sotelo Villar: cre que na Fegamp están representados todo os grupos.

Sr. Hermelo Álvarez: considera que a emenda podería substituír o punto segundo da moción, pero mentres non se chega a tal acordo entre a Fegamp e o Sergas é necesario que o Sergas se faga cargo desta recollida, polo que cre necesario manter o punto primeiro.

Iglesias Santos: di que o decreto é un acto lexislativo do goberno, non do Parlamento.

Sr. Alcalde: di que está de acordo en que o problema non afecta só á mancomunidade senón a toda Galicia.

VOTACIÓN E ACORDO CO PUNTO 2º SEGUNDO EMENDADO:

Votos a favor: 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Votos en contra: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita coa modificación aceptada, sendo o seu texto definitivo o seguinte:

“• Instar a Xunta de Galicia e ao SERGAS a garantir a recollida de todos estes residuos



nos centros sanitarios

- *O Pleno do Concello de Cangas, insta á FEGAMP a que acade un acordo co Sergas para modificar o decreto 38/2015 do 26 de febreiro de residuos sanitarios de Galicia, co fin de que os residuos xerados polos pacientes no seu domicilio, sexan punzantes ou non (apósitos, vendaxe ...) teñan un sistema de recollida máis seguro desde o punto de vista sanitario.*
- *Dar traslado desta moción a todos os grupos con representación no Parlamento Galego*
- *Dar traslado desta moción ao todos os grupos con representación na Mancomunidade do Morrazo.”*

Expediente 2483/2018. Moción do grupo PP de 15.05.2018 s/ as redes semaforicas do municipio.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.06.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Moción do Grupo Municipal PP do día 14.05.2018, relativa ás redes semaforicas do municipio, que é como segue:

”No casco urbán do noso concello, así como nas parroquias, dispoñemos dunha rede semaforica na que se vota en falta a sinalización acústica, xa que a maioría dos semáforos (exceptuando o que temos diante do Concello), non contan coa citada sinalización.

A maioría das persoas con deficiencias visuais, así como as persoas cegas, teñen una gran dificultade nos cruces regulados se non contan coa axúda doutros peóns, de aí que cada vez sea maior o número de semáforos con sinalización acústica, xa que é a única forma de permitir a inclusividade sen afastar a ninguén por mor das súas diferencias.

Tendo en conta todo isto, e coñecendo a existencia de novos sistemas, como pode ser o PASBLUE, un semáforo acústico que permite as persoas con discapacidade visual cruzar os pasos de peóns de forma segura, xa que se activa mediante un mando a distancia ou dende o móbil, sempre baixo demanda do usuario que o precise, evitando así a contaminación acústica dos semáforos co dispositivo tradicional

Por todo o exposto, presentamos as seguintes Propostas de acordo:

1- Que se leve a cabo un estudo da rede semaforica actual para poder adaptar os dispositivos ao novo sistema acústico.

2- Que se inclúa no mesmo un plan de accesibilidade para todas aquelas persoas con dificultades tanto acústicas como de movemento para poder facer un trabado conxunto.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Soliño Costas: explica o contido da moción.

Sr. Alcalde: dá conta da emenda para engadir un punto 3º á moción, baseado en que as redes



semafóricas está ubicadas en vía de titularidade doutras administracións, que di:

“EMENDA:

3º.- *Instar á Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra a aportar os fondos suficientes para a instalacion dos dispositivos necesarios.”*

Sra. Giráldez Santos: indica que o estudo de mellora da rede semafórica xa se está a facer.

Soliño Costas: lembra que fai un ano xa se falou de que se estaba a facer un estudo de sinalización do que aínda non se sabe nada.

VOTACIÓN E ACORDO COA EMENDFA DUN PUNTO 3º: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada coa modificación aceptada, sendo o seu texto definitivo o seguinte:

“1- *Que se leve a cabo un estudo da rede semafórica actual para poder adaptar os dispositivos o novo sistema acústico.*

2- *Que se inclúa no mesmo un plan de accesibilidade para todas aquelas persoas con dificultades tanto acústicas como de movemento para poder facer un trabado conxunto.*

3º.- *Instar á Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra a aportar os fondos suficientes para a instalacion dos dispositivos necesarios.”*

Expediente 3085/2018. Moción do grupo PP de 14.06.2018 sobre o peirao de Rodeira.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.06.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Moción do grupo Municipal PP presentada o día 14.06.2018, relativa ao peirao de Rodeira, que é como segue:

“*O pasado día 12 un medio de comunicación daba conta dunha nova da que todas /os entendemos que coincidimos. “El mal estado del muelle de Rodeira pone en peligro a bañistas y pescadores” e continuaba con “Los socorristas de Cangas piden el cierre del embarcadero o la creación de un nuevo puesto de vigilancia más cerca del espigón.”*

Tamén na mesma nova informábase dun simulacro onde catro persoas caían a auga do peirao roto desta praia sufrindo distintas lesións, simulacro que entenden estes socorristas é unha situación que pode darse con facilidade. A solución que propoñen pasa por esixir ao titular do peirao que o amaíe ou que o peche. Aínda que na información se di que é privado, por sentenza firme do Tribunal Supremo que considerou en Mzo do 2018 como legal a decisión do Servizo Provincial de Costas de data 15 de decembro do 2017 na que se iniciou expediente de caducidade da concesión. Polo tanto a día de hoxe a titularidade é da Dirección Xeral de Costas.



De non ser así, piden ter unha cadeira elevada ou un segundo posto nesa zona polo menos cun socorrista.

Desde o PP de Cangas entendemos que esta última pode ser una solución pasaxeira pero danse as circunstancias para que se dean pasos na recuperación dun peirao que forma parte da historia de Cangas (A súa orixe está datada aló polo 1945 cando Vapores de Pasaxe acadou a autorización para a súa construción).

Por todo iso efectuamos as seguintes Propostas de acordo:

- 1. O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal a solicitar diante da Dirección Xeral de Costas a recuperación do citado peirao.*
- 2. De no ser posible o financiamento por parte da D.X. de Costas, o Pleno da Corporación insta o Goberno Municipal a solicitar unha nova concesión de dita infraestrutura, elaborando un proxecto técnico viable desde o punto económico e medioambiental que sirva de base para obter as achegas doutras Administracións necesarias para a súa rehabilitación.”*

Incidencias:

Cando son as 20:34 horas abandona o Salón de Sesiões o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeira tenente de alcalde, Sra. Giráldez Santos.

DELIBERACIÓNS:

Sr. Graña Graña: explica o obxecto da moción. Sinala que fai anos se arranxaron os peiraos da Congorza e de Ojea e cre que sería bo que tamén se reparara o peirao de Rodeira.

Sr. Iglesias Santos: cre que sería necesario un plan serio e profundo para buscar a reversión do fronte marítimo do concello ou ben a ampliación das competencias municipais na materia. Considera que hai que comezar ese expediente administrativo de recuperación ou reversión da fronte marítima ou a ampliación de competencias municipais, e a partir de aí analizar se hai algúns aspectos que se poidan conseguir antes.

Sra. Giráldez Santos: dá conta dunha emenda de substitución. Di que o máis necesario é facer un estudo na liña que manifestou o Sr. Iglesias Santos.

A Emenda di:

“Eliminar o punto 2º e modificar o 1º.

Cre que é Costas a que debe determinar se é máis conveniente a retirada ou a rehabilitación do Peirao, previos os estudos pertinentes.”

Incidencias:

Cando son as 21:02 horas incorpórase ao Salón de Sesiões o Sr. Alcalde.

Sr. Graña Graña: cre que o pedimento do Sr. Iglesias Santos non é posible. Considera que a rehabilitación é a solución, porque o peirao é parte da nosa historia e porque a súa destrución



vai implicar un impacto ambiental maior.

Sr. Iglesias Santos: di que non está en contra de que se rehabilite o peirao, pero o Concello non ten competencia para decidir sobre iso e de aí que propoña a recuperación da fronte marítima a favor do concello.

Sr. Abalo Costa: cre importante a proposta do Sr. Iglesias Santos. É tremendo que para o arranxo do Peirao haxa que dirixirse a Madrid. Está claro que si o peirao é competencia de Costas terán eles que arranxalo.

Sr. Graña Graña: di que acepta a eliminación do segundo punto, pero non están a favor de pedir o derrubamento.

Sra. Giráldez Santos: propón que decida Costas se procede o derrubamento ou a rehabilitación, para iso son os titulares.

Emenda definitiva:

“1º A eliminación do punto 2º.

2º.- Modificar o punto 1º co seguinte texto:

“O pleno insta á Dirección Xeral de Costas á rehabilitación do citado peirao cos estudos de impacto ambientais pertinentes.”

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada coas modificacións aceptadas, sendo o seu texto definitivo o seguinte:

“O pleno insta á Dirección Xeral de Costas á rehabilitación do citado peirao cos estudos de impacto ambiental pertinentes.”

Expediente 3086/2018. Moción do grupo PP de 14.06.2018 para a realización de melloras na contorna da escola Infantil do Hío.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.06.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Moción do Grupo Municipal PP do día 14.06.2018, relativa á realización de melloras na contorna da escola Infantil do Hío, que é como segue:

“As persoas que van levar as súas fillas e fillos a Escola Infantil do Hío, e persoas que circulan a diario polo tramo da EP 1007, no contorno de dita escola, veñen de trasladarnos que existen riscos de accidentes e atropelos ás horas de entrada e saída de dita instalación.

Entre as queixas habituais, están que os vehículos estacionan na propia estrada, dificultando a circulación nun ou nos dous carrís, co perigo dunha curva sen visibilidade suficiente a menos



de 50 metros de distancia. Esta situación provoca que as persoas que queren acceder camiñando, un ocasións, teñen que ocupar a calzada co risco de ser atropeladas.

Consideramos que é mellorable o contorno en canto a seguridade viaria. Entre as propostas que sinalamos como positivas para minorar o riscos, sería conveniente xestionar unha franxa á dereita do carril de baixada á praia de Nerga, dende o cruce da cruz do Castro ata a Escola infantil para acondicionalo como zona de estacionamento.

Creemos que non se deben escatimar esforzos neste sentido, é polo que presentamos a seguinte Proposta de acordo:

1.Instar á Deputación Provincial de Pontevedra a mellorar a seguridade viaria no entorno da escola Infantil do Hío na EP 1007.

2.Instar ao Concello de Cangas a que xestione un espazo de estacionamento para vehículos no entorno da Escola Infantil que facilite o acceso as nais e pais, que eviten os estacionamentos na calzada.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Millán Blanco: explica o obxecto da moción.

Sra. Giráldez Santos: indica que esta problemática xa existía no ano 2014, a actual corporación solicitou da Deputación a adopción de medidas de seguridade vial na contorna do colexio no ano 2015. Tales medidas foron adoptadas pola Deputación, pero efectivamente é necesario adoptar moitas outras medidas e o concello xa o falou coa Deputación e é necesaria a conformidade dos propietarios desa zona, incluída a Comunidade de Montes.

Di que votarán a favor da moción.

Sr. Millán Blanco: indica que no seu día tamén fixeron reclamacións e se adoptaron algunhas medidas pero insuficientes, de aí que se presente esta moción.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3087/2018. Moción do PSdG-PSOE de 15.06.2018 s/ creación dun punto de encontro familiar alternativo en Cangas.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.06.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Moción do Grupo Municipal PS de G-PSOE, do día 15.06.2018, relativa a creación dun punto de encontro familiar alternativo en Cangas, que é como segue:

“Segundo o que aparece na páxina web da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia,



os Puntos de Encontro Familiar son un servizo que facilita, preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procura a seguridade e o benestar das e dos menores, favorece a relación coas súas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Os Puntos de Encontro Familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo.

Segundo a estatística da Xefatura da Fiscalía Provincial de Pontevedra, no ano 2017 rexistráronse nos tres xulgados do Partido Xudicial de Cangas (Cangas - Moaña - Vilaboa) uns 40 divorcios con fillos menores e que teñen custodia compartida e/ou con réxime de visitas para algún dos proxenitores.

A miúdo, estes divorcios teñen carácter contencioso e o convenio regulador que contén o réxime de visitas determina a entrega dos menores en lugares distintos dos domicilios dos pais ou doutros parentes; é dicir que se levan a cabo en lugares coñecidos como Puntos de Encontro Familiar.

A intervención dos Puntos de Encontro Familiar téñ carácter temporal e desenvólven a profesionais nun lugar neutral e o seu obxectivo principal é a normalización da situación conflitiva.

Os potenciais usuarios de Bueu, Cangas, Moaña e Vilaboa teñen á súa disposición como máis cercanos un Punto de Encontro Familiar en Pontevedra e outro en Vigo.

Co fin de facilitar dito servizo ás parellas separadas e de ampliar o beneficio aos menores aos que afecta unha situación de crise familiar, consideramos oportuno que Cangas conte cun Punto de Encontro Familiar alternativo aos de Vigo e Pontevedra, que dea cobertura a Bueu, Cangas, Moaña e Vilaboa.

Por todo o exposto, o Pleno municipal, por unanimidade de votos a favor, Acorda:

Instar á Xunta de Galicia para que cree un PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR en Cangas que dea cobertura a todos os interesados dos Concellos de Bueu, Cangas, Moaña e Vilaboa, que actualmente só teñen a opción de utilizar o de Vigo ou Pontevedra, cos trastornos que producen estes desprazamentos.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: explica os motivos que xustifican o contido da moción. Sinala que a intervención destes puntos de encontro se xestionan mediante concesións da Xunta e teñen unha duración temporal, xeralmente ata a maioría de idade dos fillos. Indica que esta moción ten o apoio dun informe da fiscalía e tamén contará cun informe favorable dos xuíces de Cangas.

Sr. Hermelo Álvarez: di que apoiarán a moción. Explica que xa no ano pasado se reuniron coa Directora Xeral de Familia e se lle trasladou esta necesidade dun punto de encontro



mancomunado e a resposta foi que non poderían crealos ata que non houbera previsión orzamentaria, se ben recoñeceron a necesidade de crear este punto de encontro.

Sr- Millán Blanco: di que apoiarán a proposta. Dubida de que a Vilaboa lle favoreza xeográficamente este punto de encontro no Morrazo.

Sr. Iglesias Santos: sinala que o comentou co Alcalde de Vilaboa e hai parroquias máis próximas a Cangas que a Pontevedra.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3088/2018. Moción do grupo ACE de 15.06.2018 para avaliar a acumulación de sedimentos no Eiras para acadar unha maior almacenaxe de auga e acometer melloras urxentes na ETAP do Casal.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.06.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Moción do Grupo Municipal ACE, presentada o día 15.06.2018, relativa a avaliar a acumulación de sedimentos no Eiras para acadar unha maior almacenaxe de auga e acometer melloras urxentes na ETAP do Casal, que é como segue:

“O río Verdugo, na súa desembocadura arrolla un caudal de 17 m³/segundo, dos que 10,5 m³/segundo apórtaos o río Oitavén. O embalse do Eiras, foi construído ao amparo da Resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas publicada o 17 de agosto do 1962, segundo proxecto redactado no ano 1958, cunha capacidade do encoro de 60 hectómetros cúbicos de auga procedente do río Oitavén, segundo a propia Resolución.

Daquela, o Concello de Vigo abonou o 62% das obras do encoro e o Estado outorgou unha subvención do 38%. Dita Resolución autoriza unha concesión a perpetuidade ao Concello de Vigo para o abastecemento de auga á cidade viguesa, e que no ano 1970 mediante un reformado do proxecto inicial, redactado en 1958, amplía a tres os destinatarios para o abastecemento de auga ao polígono industrial de O Porriño.

A memoria do proxecto reformado, define como obxecto do embalse, regular un caudal de

- *2,5m³/segundo da auga do río Oitavén, con tres destinatarios:*
- *1,5 m³/segundos para o abastecemento de auga a Vigo.*
- *0,5m³/segundos para o polígono industrial de O Porriño*
- *0,5 m³/segundos para o rego e forza motriz das augas debaixo da presa de Eiras.*

No ano 1990, os concellos de Nigrán, Cangas, Moaña, Redondela e Soutomaior aceptan as cláusulas contractuais que rexerán a subministración de auga cedida polo Concello de Vigo. Con posterioridade, o 27 de xaneiro de 1998, o Pleno do Concello de Vigo procede á revisión das tarifas da subministración aos citados concellos e revisa a situación da concesión do Concello de O Porriño, que nunca abonou cantidade ningunha polas obra efectuadas para a



subministración dos 0,5 m³/segundos, que por concesión tiña que sufragar.

Xa pasaron 40 anos dende a posta en servizo deste encoro de cuxo caudal son concesionarios o Concello de Vigo e o de O Porriño. O Concello de Vigo mediante os acordos descritos, véndelle auga aos concellos que mediante acordo plenario aceptaron as condicións acordadas.

Segundo o MAPAMA, a capacidade actual do encoro de Eiras é de 22 hectómetros cúbicos. É canto menos alarmante que a capacidade do encoro se tivese reducido en case dúas terceiras partes nos 40 anos transcorridos dende a súa posta en marcha.

O concesionario a perpetuidade do maior aproveitamento caudal procedente de dito encoro (1,5 m³/segundos) é o Concello de Vigo, que non se preocupou de algo tan fundamental como é o mantemento, conservación e limpeza do encoro. Principalmente, a falta de limpeza e de mantemento do encoro ten moitas consecuencias para a calidade da auga. Unha das consecuencias é a previsión de almacenamento en períodos de seca, pois se non se reducira un 2/3 da capacidade do encoro polos lodos acumulados, non nos afectaría a redución do 10% por condicións climatolóxicas.

Outra das consecuencias é a alteración medioambiental e ecolóxica; temos que ter en conta as vagas de lumes que sufrimos, o que supuxo o arrastre de terreos calcinados que rematan nos ríos que subministran auga á nosa vila.

Moi vencellado con esta problemática, tamén compre non botar terra sobre a potabilizadora - ETAP do Casal- pois na época de seca, a propia Xunta denunciou a situación de deterioro e obsolescencia dunha potabilizadora absolutamente imprescindible para operar o tratamento e a garantía de salubridade da auga que abastece o noso concello.

A prensa xa recollía que Vigo ignora dende o 2010 un informe que urxe melloras na ETAP. Dito informe, da área de servizos xerais, alertaba que o estado da ETAP era obsoleto e que a ampliación era necesaria e prioritaria. A propia concesionaria en febreiro do 2017 informaba da necesidade de modernizar a planta. O máis grave é que ambos documentos afirman que as instalacións non permiten cumprir a lexislación actual, estimando que para elo habería que investir 21 millóns de euros.

O Concello de Vigo xa redactara un informe técnico para modernizar a ETAP no 2006, licitando a redacción dun proxecto de mellora; mais nin o goberno de Zapatero nin o de Rajoy sacaron adiante o proxecto.

Por todo o anteriormente exposto, e en base aos datos aportados; fundamentalmente o feito de que poidan estar hipotecada unha parte importante da súa capacidade, a Alternativa Canguesa de Esquerdas insta ao Pleno da Corporación a:

1.- Dirixirse ao Concello de Vigo, a Augas de Galicia e á Confederación Hidrográfica para que procedan a avaliar o alcance real da acumulación de sedimentos na presa de Eiras e que de forma conxunta se aporten solución técnicas e económicas para arranxar os problemas que se poidan derivar para a saúde das persoas e do medio ambiente, e tamén para conseguir unha maior almacenaxe de auga no devandito encoro, prevista no proxecto e na concesión en 60hm³.

2.- Acordar de forma conxunta o deseño dun programa e financiar un proxecto de forma urxente que acometan as melloras necesarias para garantir que a ETAP do Casal xere a



potabilidade das augas cumprindo a lexislación vixente para que a subministración e o abastecemento da auga chegue con plenas garantías.

3.- Dirixirse aos concellos afectados por esta mesma problemática para que apoiem os acordos desta iniciativa.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Abalo Costa: explica o contido da moción. Sinala que é un problema de seguridade que debe de ser abordado canto antes.

Sr. Graña Graña: di que están a favor do disposto no punto primeiro. En canto ao segundo punto, indica que o tratamento da planta do Casal corresponde ao Concello de Vigo e o informe que se emitíu ao respecto polos técnicos indicaba que a planta necesitaba unha inversión de máis de 6 millóns de euros. Desde que se fixo a prórroga polo Concello de Vigo a Aqualia, non se ten realizado ningunha mellora nesa planta postabilizadora e esa é a auga que están vendendo a Cangas.

Cre que o segundo punto debería dirixirse ao Concello de Vigo, que é o que ten a responsabilidade desa planta potabilizadora.

Sr. Alcalde: di que a ETAP é responsabilidade do Concello de Vigo, pero quen tomou a decisión de que Cangas dependa da auga de Vigo é Augas de Galicia durante a seca do pasado ano.

Iglesias Santos: cre que podería irse máis lonxe, vai votar que si á moción e cre que é un tema demasiado serio.

Sr. Hermelo Álvarez: di que votarán a favor. Os problemas de captación de auga e o seu traslado ata aquí xeran un volume de perdas, é un sistema moi deficiente, polo que hai que esixir a Augas de Galicia que faga inversións que nos permitan ser independentes da auga de Vigo.

Sr. Graña Graña: di que o desvío do caudal ecolóxico dun río si era competencia de Augas de Galicia, pero nada ten que ver coa planta potabilizadora, que é competencia de Vigo. Esa planta potabilizadora ten que poñela en orde o Concello de Vigo.

Sr. Abalo Costa: ce que o responsable principal é Vigo, pero hai que lembrar que Augas de Galicia tamén intervén por outras vías para garantir que a ETAP funcione.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Abstencións: 6 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.



Expediente 3090/2018. Moción do grupo ACE de 15.06.2018 para o cumprimento do contrato entre a Consellería de Sanidade e Gesmédica.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.06.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Moción do Grupo Municipal ACE, presentada o día 15.06.2018, relativa ao cumprimento do contrato entre a Consellería de Sanidade e Gesmédica, que é como segue:

“En decembro de 2018 o Conselleiro de Sanidade asina coa empresa Gesmédica un contrato para a realización dun estudo de necesidades sanitarias do Morrazo, co precedente de seguir incumprido a execución do proxecto do centro de saúde de Aldán-O Hío, o traballo tería que estar entregado o 31 de Maio, xa lle deran a prórroga dun mes, pero todo indica que unha vez máis vaise incumprir o contrato.

O 16 de abril entra no Rexistro deste Concello un escrito da Dirección Xeral de recursos económicos do Sergas facendo referencia á necesidade de que o Concello propoñamos terreos que considere precisos con destino á construción de servizos sanitarios coa fin de que a posteriori se manteñan os contactos oportunos entre os técnicos do Concello e os do Sergas para que posibiliten as condicións físicas, urbanísticas e demais limitacións que impidan a libre dispoñibilidade de superficie de terreos con destino aos servizos sanitarios, sendo evidente que nin se concretan nin servizos sanitarios a prestar nin superficie que se require.

En función do exposto, consideramos que precísase tomar, se procede, os seguintes acordos polo pleno municipal da corporación de Cangas:

- 1. Esixir o cumprimento do contrato asinado entre a Consellería de Sanidade e Gesmédica, requirindo as pertinentes explicación e na medida en que se teña coñecemento se traslade aos Concellos do Morrazo as conclusións do estudo.*
- 2. Reclamar unha entrevista co Conselleiro de Sanidade, coa presenza de todos os grupos municipais, co obxectivo de esclarecer que tipo de infraestrutura sanitaria se pretende promover en Cangas ou no Morrazo, superficie requirida, esixencias técnicas, urbanísticas ou calquera outra cuestión legal, e fundamentalmente se existe algún anteprojecto, orzamento, prazos de execución e que tipo de atención e especialidades sanitarias se garantirían. En definitiva, toda a información relativa a futuras infraestruturas sanitarias en Cangas.”*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: indica que este venres se presentará o estudo elaborado por Gesmédica.

Sr. Abalo Costa: di que se retira a moción xa que o obxecto da moción está cumprido coa presentación do proxecto e coa reunión que se realizará co conselleiro.

A moción polo tanto queda retirada.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Dación de conta das resolucións da Alcaldía ditadas entre o 25 de maio e o 20 de xuño de 2018

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta dos informes de reparo de intervención segundo a base de execución núm. 38 do orzamento municipal.

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta das solicitudes con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sr. Sotelo Villar: pide, respecto ás datas dos pleno ordinarios, que se fixe un día concreto a ser posible os venres. Entende que pode haber modificacións puntuais, pero hai que fixar as datas con antelación suficiente.

Sr. Alcalde: di que os plenos seguirán sendo os últimos venres de cada mes.

Sr. Sotelo Villar: ¿Pensa o actual goberno cumprir os compromisos adquiridos respecto da biblioteca central?

Indica que pediron por escrito copia do contrato coa empresa que está a levar a cabo a limpeza na PO551, no tramo entre A Portela e a avenida da Coruña así coma informe de intervención sobre a partida á que se imputa o gasto e sobre a existencia de crédito para tales traballos. Pregunta cando se lles entregará esta documentación.

Pregunta cal é o problema polo que non están en servizo as obras de abastecemento de Herbello, indica que se presentaron por escrito varias preguntas en relación a esta obra que non foron respostadas.

Sr. Alcalde: pide que pola concelleira se facilite a documentación e se realicen os informes de intervención solicitados.

Sr. Soliño Soliño: indica que colocaron na rúa Paraíso uns badéns que non considera que sexan os máis acertados, a cidadanía está un pouco decepcionada porque onde están colocados supoñen un perigo e ademais fan ruído constante, roga á concellería de obras que actúe ao respecto.

Sra. Giráldez Santos: di que ese tipo de badéns puxéronse como proba e se está a estudar o



Concello de Cangas

seu cambio.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión do que eu, como secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850